

**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

**DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS**

Edificios Administrativos - San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

**Expediente IN661A 2010/13, proxecto eólico Outes.**

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con DNI. N<sup>o</sup>.  
\_\_\_\_\_ e con domicilio a efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_,  
teléfono \_\_\_\_\_, correo electrónico: \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

**PRIMEIRO.- Antecedentes.**

Por Resolución do 30 de maio de 2012, da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria, sometíase a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a aprobación do proxecto de execución e proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do **parque eólico Outes** nos concellos de Negreira e Outes (**expediente IN408A 2017/02**).

Por medio de Anuncio do 25 de xuño de 2021, por Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático do 4 de xuño, **publicáse a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Outes**, nos concellos de Negreira e Outes (A Coruña) (clave do expediente 2011/0060), promovido por Norvento S.L.

**SEGUNDO.-**A poligonal do parque eólico Outes **superponse** coa poligonal doutro parque tamén en tramitación, o parque eólico Banzas, e está moi próximo a outros parques xa instalados, como o PE Corzán, non téndose en conta os efectos sinérxicos e acumulativos que isto conleva, e que deben ser avaliados convenientemente dacordo co previsto no anexo VI parte A, punto 4b) apartado 5º da Lei 21/2013 de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, para os Estudos de Impacto Ambiental do art. 35, dentro do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria ao que está acollido este proxecto do PE Outes. Evidentemente, e dado que o estudo de impacto ambiental se someteu a información pública no DOG 133 do 12/07/2012, antes da entrada en vigor da Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental, que deroga o Real

Decreto Lexislativo 1/2008, norma vixente cando se iniciou a tramitación do expediente do PE Outes, e tal como se establece no Apartado 2.1. do Resumo da tramitación (Pax 5) da Declaración de Impacto Ambiental, non está adaptado en todas as cuestións á normativa vixente na actualidade, co cal a Declaración de Impacto Ambiental non se axusta nin á realidade e circunstancias actuais, nin á normativa, tal e como establece a Disposición Transitoria da Lei 21/2013, na que se establece o réxime transitorio, e que no seu punto 4 dispón: “La regulación de la modificación de las declaraciones ambientales estratégicas y de las condiciones de las declaraciones de impacto ambiental se aplica a todas aquellas formuladas antes de la entrada en vigor de esta ley”, polo tanto, ten efecto retroactivo en canto ás condicións que debe cumprir a DIA, e aínda que foi publicada con posterioridade, está baseada nun estudo de impacto ambiental previo totalmente obsoleto, desfasado e incompleto, non axustado á lei, polo cal cómpre a súa nulidade.

Ademáis, si o que se pretende coas avaliacións ambientais é minimizar os impactos da presenza dun parque eólico, tanto ambientais, como sociais e económicos, non se entende a dimensión desproporcionada da poligonal do parque, xa que isto supón un agravamento das afeccións e as cargas que teñen que sufrir os vecinos, polo que, ou se reduce o tamaño da poligonal ó estrictamente necesario para os viais de acceso, superficie de ocupación dos muiños e demais infraestructuras, ou a intención clara é unha posterior ampliación do parque sen ter que avaliar de novo os impactos ambientais.

**TERCEIRO.-Fragmentación de hábitats e perda de biodiversidade derivada dunha deficiente e obsoleta planificación sectorial eólica.**

**A inaplicación do Plan Sectorial eólico de Galicia, a través dunha cuestión de ilegalidade, deriva da súa invalidez polo transcurso do tempo, ao abeiro da lexislación ambiental actual e ao principio de xerarquía normativa e nulidade de pleno dereito das disposicións administrativas que vulneran normas de rango superior, como é o caso.**

Un plan como o Plan Sectorial eólico de Galicia necesita dunha avaliación de impacto ambiental estratéxica, polas consecuencias de fragmentación que do mesmo se derivan para o territorio, para os hábitats, para as Paisaxes, a perda de biodiversidade no seu conxunto e incluso para outros plans como o Plan de xestión do Lobo, especie protexida polo Convenio de Berna, tendo en conta que desde o ano 1997 aprobouse nova normativa que garante a prevalencia ambiental e das Paisaxes, e ésta non está integrada no Plan sectorial.

Por outra banda a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia consolida **a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e a precaución respecto ás posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou á biodiversidade.**

Todo isto vulnera o espírito da Avaliación Ambiental Estratéxica que establecen as directivas comunitarias, ao afectar a outros plans e programas, implicar efectos probables, duradeiros e irreversibles de carácter

acumulativo, supoñer riscos para o medio ambiente, ser de gran magnitude e alcance espacial, e supoñer unha explotación intensiva dunha parte moi significativa do territorio con características naturais especiais e áreas ou paisaxes con rango de protección recoñecido” (Anexo V da Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental).

Por todo o anterior, cómpre lembrarlle ao órgano substantivo e aos empregados públicos responsables da tramitación e resolución do presente proxecto eólico, isto é, o proxecto eólico Outes que deben inaplicar o Plan Sectorial eólico de Galicia en tanto en canto fica inválido polo transcurso do tempo, ao non incorporar as actualizacións normativas e non integrar a vixente normativa de avaliación ambiental, protección do medio natural e a normativa da paisaxe, tal e como demandan as Directivas da UE. Este plan ademais debера ser sometido xa no seu momento á correspondente Avaliación Ambiental Estratéxica dacordo á Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental.

**Motivo abondo polo que ten que ser revogada a Declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Outes, nos concellos de Negreira e Outes (A Coruña) (clave do expediente 2011/0060)**

**CUARTO.**-Impacto non contemplado sobre o oficializado **Camiño de Santiago pola Ría de Muros-Noia**, que xa forma parte da Ruta Xacobeá Oficial dende o ano 2020, polo que conta cun grao de protección insoslaíable que se debe respectar, de modo que os usos permitidos sobre a traza son limitados e aparecen recollidos no art 77 da LPCG e no art 78 os usos prohibidos. Segundo o trazado polo concello de Outes, no paso dos peregrinos pola zona do Formigueiro, cara Ponte Nafonso, o camiño pasa a pouco máis de 1km do Monte da Pena, polo que o impacto visual, o ruído e o parpadeo de sombras sería considerable e pouco acorde coa Lei de protección das áreas de influencia dos Camiños de Santiago.

**QUINTO.**-Impacto no turismo incorrectamente avaliado ao non ter en conta o trazado do Camiño de Santiago pola Ría de Muros-Noia, e que o concello de Outes pertence ó xeodestino turístico Ría de Muros e Noia, Ría da Estrela, que conseguiu poñer en marcha e activar o seu ente de xestión grazas á colaboración entre o sector privado, representado pola Asociación Turística Comarcal Ría de Muros e Noia e os gobernos dos concellos que conforman este xeodestino: Muros, Noia, Outes, Lousame e Porto do Son.

A Ría de Muros e Noia leva, pois, dende o 2013 cunha intensa promoción turística que fixo cambiar substancialmente a afluencia de turistas e visitantes a Outes. O monte da Pena e arredores, é un dos atractivos promocionados no concello, aparecendo asimismo como ruta de sendeirismo, miradoiro sobre o Esteiro do Tambre, lugar de interese arqueolóxico e de formacións rochosas singulares. Por todo isto, en xaneiro do 2020 o pleno do Concello de Outes aprobou por unanimidade a proposta de solicitar á Consellería de Medio Ambiente que se declarase a zona como ENIL (Espazo Natural de Interese Local).

O proxecto eólico tería unha grande afectación para as empresas turísticas da zona. O Concello de Outes conta con establecementos turísticos de gran calidade e con premios de recoñecemento nacional, como é o caso das Cabanas de Albeida (Premio de arquitectura 2020), as Cabanas do Barranco (Premio COAG a

establecementos accesibles) ou o restaurante Ríos, premiado con un Sol de Repsol. Dentro da poligonal do parque proxectado atópase unha casa de turismo rural (Casa Perfeito –María), e varias vivendas turísticas (Cabana de Carlos e Cabana dos Mourelos) no lugar de Mourelos e no lugar de Cabanamoura (Cabanas de Carmen). O impacto visual e a problemática do ruído e as sombras afectarían directamente á afluencia de turistas a estes establecementos, coa conseguinte repercusión económica negativa, pero non só a eles, xa que o concello de Outes conta con cinco casas de turismo rural, un hotel de catro estrelas, un hotel de apartamentos, un hostel, un aparthotel, unha pensión, e numerosas vivendas de aluguer turístico, así como restaurantes de gran renome como o Restaurante Ríos, Pepe o Coxo, no Freixo, e o Restaurante Casa de Roque, en Santo Ourente. Por todos estes motivos a ubicación deste parque debe ser reconsiderada, para non poñer en perigo a viabilidade turística do concello.

En virtude do anterior,

### **SOLICITA:**

1.- A declaración de nulidade de pleno Dereito da Declaración de impacto ambiental favorable do proxecto eólico Outes formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, (expediente 2011/0060), promovido por Norvento, S.L., por:

- non cumprir todos os puntos especificados no anexo VI Parte A para a elaboración do Estudo de Impacto Ambiental ao que se refire o art. 35 da Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental para os proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental ordinaria, como é o caso do PE Outes.

- obviar información esencial para unha correcta avaliación dos impactos do parque na zona (explotacións madeireiras, e o Camiño de Santiago pola Ría de Muros-Noia, entre outros). Estas omisións fundamentais invalidan o documento ambiental, en tanto en canto, prescinden total e absolutamente do procedemento establecido ao efecto na normativa vixente.

2.- A inaplicación do Plan Sectorial eólico de Galicia polasúa invalidez aos efectos medioambientais, derivada do transcurso do tempo, ao abeiro da lexislación ambiental actual e ao principio de xerarquía normativa e nulidade de pleno dereito das disposicións administrativas que vulneran normas de rango superior, como é o caso. Un plan como o Plan Sectorial eólico de Galicia necesita dunha avaliación de impacto ambiental estratéxica e global, polas consecuencias de fragmentación que do mesmo se derivan para o territorio e a perda da biodiversidade global e para as Paisaxes.

3.- O Plan Sectorial Eólico converteuse polo transcurso dos anos nunha norma inválida, debéndose revisar e proceder a súa actualización inmediata. A falla de avaliación ambiental estratéxica do Plan Sectorial actual engadida á fragmentación “espúrea” de proxectos eólicos que na realidade son un único proxecto industrial, dá lugar a unha fragmentación do territorio, dos hábitats, de perda de biodiversidade e de afección severa ás

paisaxes que debora ser obxecto de avaliación e estudo global, por non estar estes impactos significativos avalidados, nin valorados nin calificados, non podendo por tanto adoptarse medidas correctoras ao respecto, ao obxecto de eliminar ou minimizar os efectos negativos que para o medio natural e as familias afectadas se están a derivar por proxectos como é o caso do proxecto eólico Outes, obxecto deste escrito.

4.- O rexeitamento do proxecto eólico Outes, en tanto en canto non se actualice e revise o Plan Sectorial eólico de Galicia e a inaplicación deste, que se converteu nunha norma inválida e por tanto, inaplicable ao non incorporar nin integrar na súa planificación a actual normativa ambiental e paisaxística.

5.- A revisión da Declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Outes, nos concellos de Negreira e Outes (A Coruña) (clave do expediente 2011/0060) obxecto do presente escrito, por incorrer en nulidade de pleno Dereito do artigo 47 e de anulabilidade do artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, ao prescindir total e absolutamente do procedemento establecido e por infracción normativa ao basearse nun Plan Sectorial eólico inválido e ilegal.

Outes, 22 de xullo de 2021

Asdo. \_\_\_\_\_